

Este ano o [Festival Audiovisual Escolar OLLOBOI](#) celebra o seu 10º aniversario e queremos propoñer unha colaboración especial coas facultades galegas de audiovisual.

Olloboi sempre tivo un espazo para recoñecer e visibilizar as obras de ensino superior, pero desde esta edición queremos propoñer que o alumnado universitario e de ciclos superiores poida participar dun xeito máis activo incribíndose como *Cómplices+*.

Cada ano durante o propio festival convocamos a rapazada e profes de distintos centros de Galicia, artistas do audiovisual galego e á cidadanía de Boiro no laboratorio “Muchachada”. Con toda esta mestura realizamos proxectos de cine de guerrilla, nos que a rapazada ten que crear pezas exprés tutorizadas polos artistas convidados, que axudan a conceptualizar e levar a cabo o que á rapazada proxecta. As únicas ferramentas que teñen para facelo son unha cidadá como narradora, unha localización, unha soa mañá e toda a enerxía que traen con eles.

O lugar do *Cómplices+* é ser un apoio para os rapaces e os artistas invitados á hora de rodar e montar as pezas resultantes. Trátase dunha oportunidade de poder achegarse a profesionais do cinema así como de tentar guiar ós máis pequenos no seu proceso de aprendizaxe, inculcándolles valores culturais e de traballo en equipo e amosándolles como se traballa nunha rodaxe. A data de encontro será o 29 de maio en Boiro.

Neste link podedes atopar as pezas resultantes da [Muchachada Matiné do 2019](#) creadas por 130 rapaces e rapazas de distintos centros e coa complicidade de Sonia Méndez, Sandra Lesta, Miguel de Lira, Jorge Boquete, Óscar Cruz, María Tasende, Manuela Varela, Alfonso Zarauza, Carmen Méndez, Xaime Miranda, Sabela Blanco, Xosé Barato, Anxos Fazáns, Luis Avilés, Suso López, Andrés Goteira, Cris Iglesias e Álvaro Gago.

O único que se precisa para a inscrición é encher o [formulario aquí enlazado](#) para que poidamos facer un proceso de selección xa que as prazas que temos son limitadas: hai 10 parellas de artistas que acollerán a 10 parellas de *Cómplices+*.

Se tes calquera dúbida non dubides en contactarnos a [info@olloboi.com](mailto:info@olloboi.com)

